

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

ANUNCIO de aprobación do proxecto de execución denominado Regularización viaria na travesía de Oseiro e inicio do expediente expropiatorio, polo procedemento de taxación conxunta, para a obtención dos terreos afectados polas obras (expediente 2026/U040/000001).

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei do solo de Galicia, comunícase que, con data do 9 de abril de 2026, mediante a Resolución de Alcaldía número 870/2026, foi aprobado inicialmente o proxecto da obra denominada Regularización viaria na travesía de Oseiro.

Asemade, consonte a devandita resolución, procede someter a información pública por período dun mes, o referido proxecto de expropiación, mediante a inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia*, e nun xornal de maior circulación da provincia, así como á notificación individualizada con traslado literal das follas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamacións consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como a fixación do prezo xusto por idéntico prazo dun mes.

A relación de bens e dereitos afectados é a seguinte:

Nº	Ref. catastral	Titular catastral	Exprop. def. (m ²)
1	1664530NH4916S0001FG	Míguez Souto Antonio	17,3
		Míguez García Nicolás	
		Míguez García Paula María	
2	1664532NH4916S0001OG	Míguez Souto Santiago	22,4
		Gómez Naya Aurelia	
3	1664533NH4916S0001KG	Míguez Souto José María	33,15
4	1664534NH4916S0001RG	Míguez Souto Santiago	214,4

Durante o devandito prazo, as persoas interesadas poderán examinar o seu contido na Sede Electrónica do Concello de Arteixo e, presencialmente, nas dependencias municipais do Concello de Arteixo, sitas na travesía de Arteixo, nº 249, 3º andar, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, co fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.



Ante a eventualidade de que poidan existir persoas interesadas descoñecidas neste procedemento, se ignore o lugar da notificación, ou ben, intentada esta, non se puidese efectuar, sirva esta de notificación co alcance e a finalidade previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da preceptiva publicación no BOE.

Arteixo, 10 de abril de 2026

O alcalde
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)
José Antonio Calvelo Añón
Concelleiro delegado de Medio Urbano e Medio Rural

